Artigo 6º.-Solicitudes e documentación requirida.

l) **Lingua oficial elixida para o seu desenvolvemento.**

229. *Orde do 10 de marzo de 2011 pola que se regulan as bases que rexerán as **subvencions dirixidas a entidades de acción***

voluntaria para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

210.000 €

Artigo 8º.-***Criterios de valoración.***

A valoración e selección das solicitudes serán realizadas pola comisión de valoración do artigo 7º.

f) **Garantir o uso do galego na presentación do proxecto a esta Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación. Así mesmo, facer constar en lingua galega toda a publicidade, publicacións, información, internet, actos públicos, material que se cree e propaganda relativas á actividade subvencionada (ata 5 puntos).**

[http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/Oe5fb445f3681a75c1257251004b10d7/8063c5088785ba50c125785b006b7c85/\\$FILE/05800D011P049.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/Oe5fb445f3681a75c1257251004b10d7/8063c5088785ba50c125785b006b7c85/$FILE/05800D011P049.PDF)

230. Orde do 16 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do ***certame Cooperativismo no ensino, dirixido aos centros educativos de Galicia***, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

44.000 €

Artigo 6º.-Modalidade de proxectos empresariais cooperativos, dirixido aos centros de formación profesional.

Os proxectos deberán estar redactados en galego e presentaranse en formato papel e formato electrónico que permita a súa posterior publicación, acompañados dunha ficha resumo segundo o modelo que pode obterse na web www.cooperativasdeg Galicia.com

231. Orde do 10 de marzo de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións profesionais e empresariais de artesáns e artesás cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, para o fomento do sector artesanal galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. Código de procedemento IN201F, presentación telemática.

120.000 €

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións profesionais e empresariais de artesáns e artesás para o fomento do sector artesanal galego, cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia
Artigo 10º.-Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

Artigo 3º.-Financiamento e concorrencia.

1. As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto desta orde serán con cargo á aplicación orzamentaria 08.03.741-F.781.0 Achegas ás asociacións en materia de artesanía, cun importe máximo de 120.000 euros para o ano 2011

4. Compromiso de utilización da lingua galega en todas as actuacións e nos elementos que proceda das actuacións subvencionables. Este compromiso acreditarase mediante a presentación, debidamente asinado, do modelo que se inclúe como anexo VI: ata 1 punto.

232. *Resolución do 22 de marzo de 2011, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para potenciar o desenvolvemento do sector empresarial da sociedade da información, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 e se procede á súa convocatoria (procedemento administrativo PR520A).*

2.600.000 €

Artigo 10º.-*Requisitos de admisión e criterios de valoración.*

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e ademais das obrigas derivadas da tramitación administrativa das solicitudes, constitúen requisitos de admisión das solicitudes para proceder á súa valoración, os seguintes:

A valoración máxima dos criterios anteriores pode acadar os 100 puntos. Adicionalmente considerarase o impulso do código libre e software de fontes abertas, **así como o emprego da lingua galega na execución das actividades**. Mediante os criterios seguintes, que serán aplicados en porcentaxe, sobre a valoración acadada nos puntos anteriores. Estes criterios adicionais son:

- g) Impulso ao código libre e ao software de fontes abertas (FLOSS) (0 a 15% adicional).
- g) Impulso ao código libre e ao software de fontes abertas (FLOSS) (0 a 15% adicional).

1. Nivel de uso de ferramentas FLOSS para a execución do proxecto.
2. Desenvolvemento e xeración de resultados en FLOSS así como en estándares abertos, con identificación inequívoca dos resultados e as licenzas ás cal quedarán suxeitos os ditos resultados.
3. Identificación da publicación de resultados (informes, manuais, códigos, aplicacións, etc.) na web do solicitante ou repositorios públicos de FLOSS.

h) **Emprego da lingua galega na realización das actividades (0 a 15% adicional).**

Compromiso, con carácter voluntario e recollido no anexo IV, de utilización da lingua galega na realización das actividades sobre as cales se solicita a axuda, considerándose polo menos este compromiso nos seguintes elementos:

*233. Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de **subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais** e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011.*

47.041.716 €

Artigo 15º.-*Crterios de valoración das solicitudes.*

g) **O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a subvención, segundo o previsto no artigo 20º.2 1) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5%.**

[http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/Oe5fb445f3681a75c1257251004b10d7/e28aba87450e9ab8c1257861005cab73/\\$FILE/06200D008P038.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/Oe5fb445f3681a75c1257251004b10d7/e28aba87450e9ab8c1257861005cab73/$FILE/06200D008P038.PDF)

234. Orde do 18 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do **Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e do Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo**, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

3.080.000 €

Décimo segunda.-**Criterios de avaliación e adxudicación de solicitudes.**

1. O órgano competente para emitir o informe de avaliación será a comisión de avaliación, que terá a seguinte composición:

f) **Emprego da lingua galega na elaboración e na realización do proxecto de emprego con apoio. Ata 5 puntos.**

Subvencións para o fomento de novos proxectos de emprego con apoio:

e) **Emprego da lingua galega na elaboración e na realización do proxecto de emprego con apoio. Ata 5 puntos.**

[http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/98799755dbd94684c12578620069f59c/\\$FILE/06300D008P048.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/98799755dbd94684c12578620069f59c/$FILE/06300D008P048.PDF)

235. Resolución do 1 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de **subvencións para a produción de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega, así como de videoclips**, e se convocan para o ano 2011.

195.500 €

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para apoiar a realización de proxectos de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega e videoclips

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o financiamento dos seguintes tipos de proxectos:

1.1. Modalidades de curtametraxes.

Serán obxecto de subvención os proxectos de curtametraxes gravadas en versión orixinal en lingua galega -ficción ou documental- cunha duración inferior a 30 minutos, nas seguintes modalidades:

-Modalidade A: curtametraxes en soporte cinematográfico. Esta modalidade abrangue as producións cinematográficas realizadas por produtoras audiovisuais. A axuda máxima por proxecto sitúase nos 14.000 euros.

-Modalidade B: curtametraxes de animación en soporte cinematográfico. Esta modalidade abrangue as producións de animación realizadas por produtoras audiovisuais. A axuda máxima por proxecto fíxase en 25.000 euros.

-Modalidade C: curtametraxes en soporte dixital, de imaxe real ou de animación. A axuda máxima por proxecto ascende a 10.000 euros.

-Modalidade D. Videoclips. Serán obxecto de subvención nesta modalidade os relatos audiovisuais que acompañen ou promovan unha produción discográfica de música galega producidos por empresas audiovisuais, en colaboración con empresas discográficas titulares dos seus dereitos de explotación. A axuda máxima será de 4.000 euros.

Cada empresa solicitante só poderá ser beneficiaria dun máximo de dous proxectos de realización de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega e videoclips.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva e quedará suxeito ao Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do tratado das axudas de minimis (DOUE do 28-12-2006, L 379).

3. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á realización do proxecto. Os gastos indirectos poderán formar parte da xustificación sempre que os impute o beneficiario ao proxecto, na medida en que tales gastos correspondan ao período en que se realiza o proxecto e nunha porcentaxe non superior ao 20% do gasto xustificado. Estas subvencións terán unha única anualidade; polo tanto, só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e a fin da data de xustificación establecida na correspondente convocatoria anual.

Artigo 3º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e no prazo que se indiquen na convocatoria.

2. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación administrativa obrigatoria:

h) Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.

Artigo 8º.-Criterios de valoración.

Na valoración realizada pola comisión de valoración teranse en conta os seguintes criterios (máximo 50 puntos):

a) A calidade, creatividade e orixinalidade do proxecto (ata 10 puntos).

b) A contribución ao desenvolvemento dos valores culturais de Galicia a través dunha perspectiva que supoña unha mirada propia ou que contribúa á innovación e diversidade da linguaxe audiovisual (ata 10 puntos).

c) O grao de elaboración e desenvolvemento do proxecto (ata 10 puntos).

d) A utilización de recursos do sector audiovisual galego (persoal artístico, técnico e de servizos), así como a rodaxe/gravación na comunidade autónoma (ata 10 puntos).

e) A viabilidade do proxecto: axuste entre o proxecto e o orzamento, e cobertura do financiamento (ata 10 puntos).

[http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/98799755dbd94684c12578620069f59c/\\$FILE/06300D010P091.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/98799755dbd94684c12578620069f59c/$FILE/06300D010P091.PDF)

236. *Resolución do 24 de marzo de 2011, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das*

subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro, para actuacións de difusión relacionadas co desenvolvemento da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013 e se procede á súa convocatoria para 2011 (procedemento administrativo PR521A).

1.000.000 €

Artigo 10º.-*Requisitos de admisión e criterios de valoración.*

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e ademais das obrigas derivadas da tramitación administrativa das solicitudes, constitúen requisitos de admisión das solicitudes para proceder á súa valoración, os seguintes:

A valoración máxima dos criterios anteriores pode acadar os 100 puntos. **Adicionalmente considerarase o impulso do código libre e software de fontes abertas, así como o emprego da lingua galega na execución das actividades.** Mediante os criterios seguintes, que serán aplicados en porcentaxe, sobre a valoración acadada nos puntos anteriores. Estes criterios adicionais son:

2. Nivel de uso de FLOSS na temática obxecto da actividade.

h) Emprego da lingua galega na realización das actividades (0 a 15% adicional).

Compromiso, con carácter voluntario e recollido no anexo IV, de utilización da lingua galega na realización das actividades sobre as que se solicita a axuda, considerándose polo menos este compromiso nos seguintes elementos:

-Na memoria técnica da solicitude.

-Nas referencias en materia de publicidade que faga o beneficiario sobre o financiamento con fondos públicos da actividade subvencionada e que teñan difusión dentro da comunidade autónoma.

-Nunha memoria pública do proxecto realizado, que baixo licenza Creative Commons, deberá estar dispoñible na web do beneficiario (ver obrigas de publicidade anexo II).

[http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/Oe5fb445f3681a75c1257251004b10d7/ab41a2634b2ffb10c12578630066df48/\\$FILE/06400D001P006.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/Oe5fb445f3681a75c1257251004b10d7/ab41a2634b2ffb10c12578630066df48/$FILE/06400D001P006.PDF)

*237. Orde do 17 de marzo de 2011 pola que se regulan as bases que rexerán as **subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado** e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.*

170.000 €

Artigo 8º.-***Criterios de valoración.***

1. A valoración e selección das solicitudes serán realizadas pola comisión de valoración do artigo 7º.

No dito procedemento teranse en conta os seguintes criterios:

f) **Garantir o uso do galego na presentación do proxecto a esta Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación. Así mesmo, facer constar en lingua galega toda a publicidade, publicacións, información, internet, actos públicos, material que se cree e propaganda relativas á actividade subvencionada (ata 5 puntos).**

[http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/ab41a2634b2ffb10c12578630066df48/\\$FILE/06400D006P066.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/ab41a2634b2ffb10c12578630066df48/$FILE/06400D006P066.PDF)

238. Orde do 22 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de **subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo** para o exercicio de 2011.

7.679.262,25 €

Artigo 20º.-*Criterios de valoración.*

1. Teranse en consideración para a valoración técnica das accións formativas, os seguintes criterios de puntuación:

d) **O emprego da lingua galega no desenvolvemento das accións formativas, 10 puntos.**

[http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/ab41a2634b2ffb10c12578630066df48/\\$FILE/06400D007P077.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/ab41a2634b2ffb10c12578630066df48/$FILE/06400D007P077.PDF)

239. Resolución do 10 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de **subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega** e se convocan para o ano 2011.

200.000 €

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. Poderán ser obxecto de subvencións o desenvolvemento das seguintes modalidades de proxectos:

a) Longametraxes de ficción: proxectos de longametraxe de imaxe real ou de animación cunha duración superior aos 60 minutos.

b) Longametraxes documentais: proxectos de longametraxes documentais cunha duración superior aos 50 minutos.

c) Películas para televisión: telefilmes para TV cunha duración de entre 75 e 90 minutos. No caso de películas de animación para TV, a duración mínima será de 60 minutos.

d) Formatos innovadores para televisión. Combinación única de elementos para crear un programa de televisión orixinal. Comprende o contido do programa ou serie de programas, ademais das indicacións técnicas para produci-lo, os elementos artísticos, avances orzamentarios (orzamento base) e know-how (experiencia resolutive) dos produtores.

e) Pilotos de series de animación para TV.

2. O importe máximo da subvención non poderá superar o cincuenta por cento do investimento subvencionable e, en todo caso, a cantidade de 20.000 €.

[http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/ab41a2634b2ffb10c12578630066df48/\\$FILE/06400D011P101.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/ab41a2634b2ffb10c12578630066df48/$FILE/06400D011P101.PDF)

*240. Orde do 29 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de **subvencións**, en réxime de concorrencia competitiva, **para a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o apoio á creación e consolidación dos clusters empresariais galegos**, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (código de procedemento IN540A).*

2.557.688 €

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indica no artigo 2º da convocatoria.

2. Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada, cando a presentación da solicitude se faga por vía escrita) ou anexarse en formato electrónico (cando a presentación da solicitude se faga en formato electrónico):

j) Declaración de compromiso de utilización da lingua galega (modelo normalizado do anexo X).

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

2. Para as liñas de reforzamento e formación os criterios de valoración que servirán de base para a determinación da preferencia das actuacións consideradas subvencionables e da contía da subvención, por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

d) O emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda, de conformidade co disposto na letra l) do artigo 20º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (máximo 5 puntos).

3. Dentro da liña de constitución, cando máis dunha entidade promotora presente solicitude de subvención para a constitución dun novo clúster empresarial galego nunha mesma cadea económica ou conglomerado empresarial, unicamente aquela que obteña a maior puntuación, conforme os criterios reflectidos no parágrafo seguinte, poderá resultar beneficiaria de subvención.

Os criterios de valoración que servirán de base para a determinación da preferencia das actuacións consideradas

subvencionables e da contía da subvención, por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

d) O emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda, de conformidade co disposto na letra l) do artigo 20º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (máximo 5 puntos).

241. *Orde do 25 de marzo de 2011 pola que se convocan **bolsas de formación de tecnólogos e persoal de apoio á investigación, bolsas de prácticas para os recentemente titulados en especialidades agrarias, forestais, veterinaria, tecnoloxía dos alimentos e bioloxía e bolsas de prácticas para alumnos e recentemente titulados de formación profesional da familia agraria.***

250.000 €

Artigo 5º.-*Documentación que deben presentar os solicitantes das bolsas.*

As solicitudes presentaranse segundo o modelo que se xunta (anexo II), debidamente cuberto e asinado polo interesado, acompañadas da seguinte documentación:

-Titulados universitarios, acreditación, en orixinal ou copia compulsada, do coñecemento da lingua galega.

[http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/8310c3d0f00a4d79c12578680058d03c/\\$FILE/06700D007P053.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/8310c3d0f00a4d79c12578680058d03c/$FILE/06700D007P053.PDF)

242. Resolución de 12 de marzo de 2011 pola que se anuncia a convocatoria para a concesión de **subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego.**

150.000 €

Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

Modalidades B e C: curtametraxe en soporte dixital e curtametraxe experimental.

- A) Memoria explicativa do proxecto, cunha extensión mínima de cinco páxinas.
- B) Sinopse do proxecto, cunha extensión máxima de dúas páxinas.
- C) Guión definitivo da produción.
- D) Calendario do proxecto e plan de produción.
- E) Currículo do equipo técnico-artístico.
- F) **Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.**
- G) Calquera outra documentación que o solicitante ache pertinente para a mellor defensa do proxecto.

Modalidade D: longametraxes en soporte dixital.

A) Unha memoria dun máximo de dez páxinas onde se describa a obra que se pretende crear, xustificando o seu carácter experimental ou innovador.

B) Unha presentación audiovisual en soporte dixital (DVD), dun máximo de cinco minutos, a modo de avance do proxecto.

C) Calendario do proxecto e plan de produción.

D) Plan de financiamento, con expresión das contribucións doutras entidades, organismos ou institucións.

E) Historial creativo e profesional do solicitante e do equipo técnico-artístico.

F) **Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.**

G) Calquera outra documentación que o solicitante considere pertinente para a mellor defensa do proxecto.

Artigo 8º.-**Criterios de valoración.**

Na valoración realizada pola comisión de valoración teranse en conta os seguintes criterios (máximo 70 puntos):

- a) Calidade, creatividade e orixinalidade do proxecto (20 puntos).

b) A contribución á emerxencia dun audiovisual con mirada propia ou que contribúa á innovación e diversidade da linguaxe audiovisual (20 puntos).

c) Viabilidade da execución do proxecto: axuste entre o proxecto e o orzamento, e cobertura do financiamento (20 puntos).

d) Currículo e traxectoria do creador individual solicitante (10 puntos).

Artigo 14º.-*Xustificación da subvención de creación.*

O beneficiario deberá presentar no rexistro xeral da Agadic, co prazo límite da data indicada na correspondente convocatoria anual, a memoria xustificativa da realización da subvención de creación audiovisual, que conterá:

1. Unha memoria de actuación con indicación das actividades realizadas para a escrita do guión, realización da curtametraxe ou longametraxe por duplicado. No caso de curtametraxe e longametraxe, ademais procederase á entrega de dúas copias en DVD en perfecto estado.

2. **Un exemplar do guión, curtametraxe ou longametraxe definitivos en lingua galega.**

243. *Resolución do 5 de abril de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.*

3.748.862 €

Artigo 5º.-*Solicitudes.*

3.1. Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero

d) Declaración de utilización de linguaxe non sexista nas relacións coa Administración e no desenvolvemento das actuacións subvencionables e, de ser o caso, **compromiso de utilización da lingua galega (anexo IV).**

3.2. *Programa de fomento da conciliación:*

d) Declaración de utilización de linguaxe non sexista nas relacións coa Administración e no desenvolvemento das actuacións subvencionables e, de ser o caso, **compromiso de utilización da lingua galega (anexo IV).**

3.3. Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM).

c) Declaración de utilización de linguaxe non sexista nas relacións coa Administración e no desenvolvemento das actuacións subvencionables e, de ser o caso, **compromiso de utilización da lingua galega (anexo IV).**

[http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/ba46507bf88656e3c125786c004e4a7b/\\$FILE/07100D001P006.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/ba46507bf88656e3c125786c004e4a7b/$FILE/07100D001P006.PDF)

244. Resolución do 7 de abril de 2011, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das *subvencións aos proxectos de cooperación empresarial para o fomento da empresa dixital no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2011 e 2012, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria (procedemento administrativo PR519A).*

2.900.000 €

Artigo 10º.-Requisitos de admisión e criterios de valoración.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e, ademais das obrigas derivadas da tramitación

administrativa das solicitudes, constitúen requisitos de admisión das solicitudes para proceder á súa valoración os seguintes:

1. Solicitud integramente presentada ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, sen que sexa necesaria a súa rectificación nin petición de documentación complementaria (5 puntos).

A valoración máxima dos criterios anteriores pode acadar os 100 puntos. **Adicionalmente, considerarase o impulso do código libre e software de fontes abertas, así como o emprego da lingua galega na execución das actividades**, mediante os criterios seguintes, que serán aplicados en porcentaxe sobre a valoración acadada nos puntos anteriores. Estes criterios adicionais son:

h) Emprego da lingua galega na realización das actividades (0 a 15% adicional).

Compromiso, con carácter voluntario e recollido no anexo IV, de utilización da lingua galega na realización das actividades sobre as cales se solicita a axuda, considerándose polo menos este compromiso nos seguintes elementos:

-Na memoria técnica da solicitude.

-Nas referencias en materia de publicidade que faga o beneficiario sobre o financiamento con fondos públicos da actividade subvencionada e que teñan difusión dentro da Comunidade Autónoma.

-Nunha memoria pública do proxecto realizado, que baixo licenza Creative Commons deberá estar dispoñible na web do beneficiario (véxanse obrigas de publicidade e demostración, anexo II)

[http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/17951fad9055194fc1257876005a106f/\\$FILE/07700D001P007.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2011.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/17951fad9055194fc1257876005a106f/$FILE/07700D001P007.PDF)

245. Orde do 8 de abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das **subvencións ás asociacións de comerciantes sen fin de lucro, para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia 2010-2013** e se procede á súa convocatoria (IN219A-presentación electrónica).

2.800.000 €

2. Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

k) No caso de que a entidade estea exenta do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

l) Declaración de compromiso de utilización da lingua galega segundo o modelo normalizado do anexo V, de ser o caso.

Artigo 9. **Criterios de valoración.**

g) O compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, así como de uso e posterior utilización da lingua galega nas accións subvencionables. Este compromiso acreditarase mediante a presentación do modelo que se inclúe como anexo V, debidamente asinado. Ata 2 puntos.

246. **ORDE do 12 de abril de 2011 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a concellos e mancomunidades de municipios enmarcadas no programa Servizo**

de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

88.636,67 €

Artigo 8. *Criterios de valoración.*

A valoración e selección das solicitudes serán realizadas pola comisión de valoración do artigo 7.

No devandito procedemento teranse en conta os seguintes criterios:

e) Proxecto conxunto con outras entidades (ata 15 puntos).

f) **Garantir o uso do galego na presentación do proxecto a esta Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación. Así mesmo, facer constar en lingua galega toda a publicidade, publicacións, información, internet, actos públicos, material que se cree e propaganda relativas á actividade subvencionada (ata 5 puntos).**

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110509/AnuncioCA05-280411-525_gl.pdf

*247. RESOLUCIÓN do 27 de marzo de 2011 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria pública de **seis bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Consello da Cultura Galega** e se anuncia a súa convocatoria.*

32.292 €

Cuarta. *Requisitos xerais.*

c) **Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.**

Quedan excluídos/as os/as licenciados/as en Filoloxía Galega.

Quinta. *Solicitudes, documentación e prazo de presentación.*

-Título acreditativo do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento, Celga 4 ou titulación superior.

Segunda. Contía das bolsas e dotación orzamentaria.

O Consello da Cultura Galega financiará estas bolsas con cargo á aplicación orzamentaria 03.01.111D.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, por un importe de trinta e dous mil douscentos noventa e dous euros (32 292 €). O importe das bolsas incluirá:

-Unha asignación mensual de oitocentos cincuenta euros (850,00 €), coa retención fiscal que corresponda, que será incompatible con calquera outra axuda ou actividade remunerada.

-Seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110509/Anuncio0111-040511-969_gl.pdf

248. RESOLUCIÓN do 27 de abril de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de *subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega* e se procede á súa convocatoria para o ano 2011

400.000 €

Artigo 6. *Criterios de valoración.*

1. As solicitudes presentadas para desenvolver os programas subvencionables serán obxecto de valoración, de acordo cos seguintes criterios:

e) **Emprego da lingua galega na realización das actividades: 5 puntos.**

249. RESOLUCIÓN do 25 de abril de 2011, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a extensión de redes de acceso de banda larga no rural galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o período 2011-2013 (procedemento administrativo PR880C).

15.290.000 €

Artigo 16. *Obrigas do beneficiario.*

Serán obrigas do beneficiario as seguintes:

3. Ofrecer a posibilidade de atender o usuario, tanto de forma oral como escrita, en idioma castelán ou galego.

ANEXO V

Plan de Difusión e Comunicación

O beneficiario será responsable da comercialización adecuada dun paquete de servizos que deberá respectar os mínimos marcados no artigo 11. As tarefas de difusión e comunicación asociadas deberán estar supervisadas e validadas pola SXMIT, sendo preciso que abrangan todo o ámbito do despregamento de rede.

O beneficiario deberá informar previamente a SXMIT sobre a realización de calquera tarefa de difusión e comunicación vinculada aos puntos tratados no presente anexo e na cal se faga referencia á rede subvencionada. En ningún caso o beneficiario poderá pór en marcha ningunha iniciativa desta natureza sen a validación previa da SXMIT.

Os solicitantes facilitarán, asociado á comercialización da rede subvencionada, un plan de difusión e comunicación específico en que se deberán incluír os seguintes conceptos:

- Portal web informativo: os solicitantes deberanse comprometer a facer referencia no seu portal web a este proxecto, debendo incluír unha exposición breve del que será consensuada coa SXMIT.
- Puntos de venda do servizo: deberase dar o detalle dos puntos de venda presenciais (puntos fixos, stands...) e non presenciais (telemarketing, páxinas web...) en que serán comercializados os servizos de banda larga, distinguindo os que xa existen na actualidade e os previstos.
- Carteis e folletos: será obrigatoria a creación de carteis e folletos, nos cales se deberá facer referencia explícita á rede subvencionada cunha mensaxe clara e visible consensuada coa SXMIT. Será preceptivo que en cada punto de venda físico en que se comercialicen servizos da rede subvencionada sexan visibles os carteis e folletos durante todo o período de explotación da rede subvencionada.
- Canles de difusión: os solicitantes deberán especificar que tipo de canles se comprometen a empregar para a difusión dos servizos da rede subvencionada (medios audiovisuais, prensa escrita, telemarketing, difusión nas caixas de correo, e-mails, ...), debéndose facer referencia á participación da Xunta de Galicia mediante unha mensaxe previamente aprobada pola SXMIT. Entre as canles de difusión empregadas deberanse incluír, ao menos, medios audiovisuais e prensa escrita.
- Campañas presenciais de difusión: os solicitantes deberán achegar unha proposta concreta de campañas presenciais de difusión, especificando o calendario destas respecto do despregamento de rede. Adicionalmente, nestas campañas deberanse incorporar as mensaxes e logotipos que a SXMIT considere oportunas para comunicar o carácter subvencionado do despregamento de rede.
- Planificación temporal e recursos dedicados: os solicitantes deberán anexar a planificación temporal e o investimento proposto para o Plan de Difusión e Comunicación.

Considérase positivamente a proposta dun plan de comunicación e difusión do proxecto que inclúa un plan de medios definido, campañas de publicidade en medios e de difusión nos puntos de venda e outras propostas de actos de comunicación das actuacións do proxecto. As mensaxes e a súa orientación serán supervisados pola SXMIT.

Considérase positivamente o uso da lingua galega.

Tal e como se recolle no artigo 35 e o anexo III, o beneficiario deberá entregar informes de seguimento do plan de difusión e comunicación cunha periodicidade mensual en que se recollan todos os puntos mencionados no anexo III.

Considérase positivamente o uso da lingua galega.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110513/AnuncioC3B0-030511-882_gl.pdf

250. ORDE do 28 de abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para fomentar a responsabilidade social empresarial (RSE) nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2011.

280.000 €

Artigo 7. Solicitudes, prazo e documentación.

1. Solicitudes.

3. As solicitudes presentaranse no modelo que figura como anexo I desta orde, e deberán ir acompañadas da documentación que deseguido se relaciona:

3.1. Documentación xenérica:

l) Documentación acreditativa dos criterios de valoración especificados no artigo 11 desta orde, que reúne a empresa solicitante. **No caso do criterio 6º deberá achegarse declaración da lingua que se vai empregar.**

Artigo 11. *Criterios de avaliación.*

A valoración das solicitudes presentadas efectuarase de acordo cos criterios e a ponderación que a seguir se relacionan:

6º Emprego da lingua galega na realización do informe, proxecto ou actividade para a que se solicita a axuda. 10 puntos.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110518/AnuncioCA05-110511-1501_gl.pdf

251. *RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2011, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de **axudas económicas**, en réxime de concorrencia non competitiva, **destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión** e se procede a súa convocatoria para o ano 2011.*

1.720.035 €

A distribución dos créditos para o exercicio 2011 efectuarase do seguinte xeito:

-Empresas xornalísticas: 1.320.035 €.

-Empresas de radiodifusión: 300.000 €.

-Empresas que transmitan a súa actividade diaria a través da internet, vía satélite ou por calquera outro sistema que empregue soportes das novas tecnoloxías da comunicación: **100.000 €.**

Artigo 2. Actuacións subvencionables.

1. Poderán solicitar as axudas obxecto destas bases as empresas que publiquen ou difundan informacións, programas, artigos, reportaxes, colaboracións ou seccións orientadas a alentar a **defensa da identidade de Galicia**, a promoción dos seus valores, **a normalización da lingua** e a difusión da súa cultura. **Na súa produción informativa deberá ter un especial protagonismo o idioma galego.**

Artigo 4. *Documentación.*

A) Empresas xornalísticas:

8. Declaración responsable do representante da empresa, comprometéndose a que vai incrementar progresivamente o uso da lingua galega en cada cabeceira.

B) Empresas de radiodifusión:

4. Declaración responsable do representante da empresa, comprometéndose a que continuará realizando as emisións en galego ata o 31 de decembro de 2011, no caso de ser beneficiaria da axuda.

2. A comisión de valoración terá a seguinte composición:

Presidente: a directora xeral de Comunicación.

Vogais:

–**O secretario xeral de Política Lingüística** da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

–Un funcionario da Secretaría Xeral de Medios con categoría non inferior á de xefe de servizo.

–Un funcionario proposto pola Secretaría Xeral de Política Lingüística con categoría non inferior á de xefe de servizo.

Secretario: un funcionario da Secretaría Xeral de Medios, por proposta do presidente, que actuará con voz pero sen voto.

Artigo 9. *Criterios de cuantificación do importe da axuda.*

–Empresas xornalísticas:

b) Criterio referido ao emprego regular do galego por parte do medio, seguindo o establecido no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, de normativización da lingua galega, e na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e de acordo coas normas aprobadas pola Real Academia Galega en sesión plenaria do 12 de xullo de 2003. Distribuirase segundo este criterio o 30% do crédito total. Para o cálculo individualizado do importe da cada axuda terase en conta a porcentaxe do uso do galego empregado que declara cada unha das empresas beneficiarias.

c) **Criterio referido á porcentaxe de publicacións, informacións ou emisións encamiñadas á normalización da lingua galega e á difusión da identidade e cultura de Galicia. Distribuirase segundo este criterio o 10% do crédito total. Para o cálculo individualizado do importe de cada axuda no referido á normalización e difusión da lingua galega teranse en conta os números difundidos da publicación en relación coa porcentaxe de publicacións e informacións encamiñadas á normalización da lingua galega e difusión da identidade e cultura de Galicia, así como a difusión de exemplares fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.**

–Empresas de radiodifusión:

b) **Criterio referido ao emprego regular do galego por parte do medio, seguindo o establecido no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, de normativización da lingua galega, e na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e de acordo coas normas aprobadas pola Real Academia Galega en sesión plenaria do 12 de xullo de 2003. Distribuirase segundo este criterio o 30% do crédito total. Para o cálculo individualizado do importe de cada axuda referido ao emprego regular do galego por parte do medio terase en conta a parte da programación que cada medio realiza en galego en relación co total da programación emitida.**

–Empresas que transmitan a súa actividade diaria a través da internet, vía satélite ou por calquera outro sistema que empregue soportes das novas tecnoloxías da comunicación:

b) **Criterio referido ao emprego regular do galego por parte do medio, seguindo o establecido no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, de normativización da lingua galega, e na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e de acordo coas normas aprobadas pola Real Academia Galega en sesión plenaria do 12 de xullo de 2003. Distribuirase segundo este criterio o 30% do crédito total. Para o cálculo individualizado do importe de cada axuda no referido ao emprego regular do galego por parte do medio terase en conta a parte da información que cada medio publica en galego en relación co total de información emitida.**

Artigo 13. ***Obrigas das empresas beneficiarias, xustificación e pagamento.***

g) **Declaración responsable comprometéndose a respectar, nas informacións redactadas en castelán a lingua das declaracións da fonte ou da persoa entrevistada, sempre que as citas sexan transcritas en estilo directo, e a introducir a oferta positiva establecida no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, cando menos na relación xornalística cos representantes dos cidadáns e cargos de responsabilidade pública. Para estes efectos a oferta positiva consiste na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a empresa e a persoa entrevistada.**

2. Conforme o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 48, a xustificación do cumprimento do disposto no acto de concesión, así como dos compromisos establecidos nas bases reguladoras, o beneficiario deberá presentar conta xustificativa que conterà a seguinte documentación:

b) **Declaración responsable do representante da empresa beneficiaria en que se acredite a realización de actividades orientadas a alentar a defensa da identidade de Galicia, a promoción dos seus valores, a normalización da lingua e a difusión da súa cultura, así como o fomento do idioma galego.**

O incumprimento destes compromisos será considerado incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a axuda coas consecuencias que se reflicten no artigo 12 destas bases.

252. *RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2011, da Secretaria Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases e se convocan **axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.***

262.500 €

5. Xunto coa solicitude, anexo I, presentarase a seguinte documentación, que será imprescindible para a súa valoración:

k) **Declaración voluntaria do compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que a entidade manteña coa Administración autonómica así como nas actividades e materiais obxecto da subvención solicitada (anexo IV).**

Artigo 11. Criterios de avaliación.

1. Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades peticionarias, **que en todo caso deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 5**, teranse en conta os seguintes criterios, e de acordo coas ponderacións sinaladas de seguido:

h) **Emprego da lingua galega: 3 puntos.**

Artigo 18. Xustificación.

3. Para os efectos de xustificación, a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación nos lugares sinalados no artigo 7 desta convocatoria, tendo como prazo máximo para presentala ata o 31 de outubro de 2012:

i) **Declaración de que as actividades foron desenvolvidas en lingua galega, de ser o caso.**

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110524/AnuncioC3C1-190511-1858_gl.pdf

253. *ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de **subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2011 e 2012 de programas integrados para o emprego***

3.821.940 €

Artigo 7. *Criterios de valoración dos programas.*

1. A concesión das subvencións previstas na presente orde realizarase conforme os seguintes criterios:

8. **O emprego da lingua galega na realización das accións do programa integrado para o emprego: 5 puntos.**

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110524/AnuncioCA05-190511-1820_gl.pdf

254. *RESOLUCIÓN do 3 de maio de 2011, da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), pola que se anuncia a convocatoria pública de subvencións ás industrias culturais para o ano 2011*

1.300.000 €

CAPÍTULO VII

Subvencións á produción e promoción de **traballos discográficos**

1. **Finalidade da concesión:**

O obxecto desta liña de axudas é dar apoio aos proxectos de produción, edición e promoción de produtos discográficos (fonogramas e videoclips) e aos proxectos que aposten pola adaptación das empresas discográficas galegas ás condicións que exige a sociedade dixital, especialmente desde o punto de vista de adecuación tecnolóxica.

5.1. A concesión das subvencións e o cálculo da súa contía débese determinar segundo un sistema de puntos que se deben outorgar en función dos criterios seguintes:

Consideraranse os gastos por calquera actividade dirixida a captar mercados de fóra dos territorios onde é oficial a lingua galega: gasto relacionado coa asistencia a feiras e mercados.

En ningún caso serán admitidos gastos relacionados coa presenza dun artista nun concerto.

i) **Uso da lingua galega e autoría galega: de 0 a 6 puntos.**

Valorarase o uso da lingua galega nas producións de obras musicais e a autoría galega (autores nados ou domiciliados en Galicia), nas producións de obras musicais instrumentais. Terase en conta especialmente o uso da lingua galega en autores non nados ou non residentes en Galicia e aqueles produtos que, polas súas características, poidan favorecer a integración lingüística.

